

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

“O Conservatorio Superior de Música da Coruña é unha Institución fundamental no pulo da formación musical de Galicia. Dende hai mais de cincuenta anos, o centro coruñés desenrola unha importante tarefa de preparación de instrumentistas e compositores, herdeiros dunha tradición non exenta da vinculación coa modernidade. Nos atrás das principais Orquestras e Bandas atopamos músicos formados no Conservatorio Coruñés.

Ademais, dende hai décadas, é un centro de organización e difusión de Concertos, en colaboración con outras Institucións, como Concellos ou Sociedades Filarmónicas, onde a cidadanía pode disfrutar dunha vida musical enriquecedora, espello dunha sociedade musicalmente formada.

Hoxe en día, unha das actividades máis salientables do Conservatorio Coruñés é a súa colaboración coa Banda Municipal de Música da Coruña, Institución que, xenerosamente, invita a alumnos a actuar de solistas.



*Como banda sonora
da cidade 1948-2018*

VINDEIRO CONCERTO

Domingo 28 de xaneiro
PALACIO DA ÓPERA 12.15 h
Director titular: Juanjo Ocón
(Obras de Cesarini e Gershwin)

Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitalo en banda@coruna.es

CONCERTO

Ciclo: Os seráns no Rosalía

TEATRO ROSALÍA DE CASTRO

Xoves 18 de xaneiro do 2018
20.00 horas

**Concerto extraordinario ca colaboración do
conservatorio superior da Coruña**

SOPRANO SOLISTA
CARLA ROMALDE

GAÑADORA DO V CONCURSO “SOLISTAS CA BMMC” ORGANIZADO
POLO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

DIRECTOR
J. L. REPRESAS



Programa

DIE LEICHTE KAVALLERIE

(1866). Overture. (Cabalería Lixeira)

Franz von Suppé (Split, 18 de abril de 1819 -

Viena, 21 de mayo de 1895)

Transcripción J. L. Represas (2008)

***LA SONNAMBULA**

(1831). Aria de Amina: Ah! Non credea

(Non crin que te desvaneces tan pronto...)

Vicenzo Bellini (Catania 1801 - Puteaux 1835)

Transcripción J. L. Represas (2017)

Soprano solista: **Carla Romalde**

***MIRENTXU**

(1910) Romanza de Mirentxu: Goizeko eguzki argiak.

Jesús Guridi (1886-1961)

(Os ceos daránme a luz...).

Transcripción J. L. Represas (2017)

Soprano solista: **Carla Romalde**

OS TEUS OLLOS

Canción sobre o poema homónimo de Curros Enríquez.

José Castro Chané (Santiago de Compostela o 18 de

xaneiro de 1856 - Habana o 27 de xaneiro de 1917).

Transcripción J. L. Represas (2011)

Soprano solista: **Carla Romalde**

NEGRA SOMBRA

(1892) Balada galega sobre o poema homónimo de

Rosalía de Castro.

Juan Montes (Lugo, Galicia, 13 de abril de 1840-Ibíd.,

24 de junio de 1899)

Transcripción J. L. Represas (2011)

Soprano solista: **Carla Romalde**

***AUTUMN LEAVES**

(1956) (As follas mortas)

Joseph Cosma (1905-1969)

Arreglos de Peter Kleine Schaars

***SOMEONE TO WATCH OVER ME**

(1926). (Alguén que me cuide)

George Gershwin (1898 -1937)

Ira Gershwin (1896-1983)

Arreglos de Warren Barker.

Soprano solista: **Carla Romalde**

***SOME ENCHANTED EVENING**

(1949) (Algunha noite encantada)

Richard Rodgers (1902-1979)

Oscar Hammerstein II (1878-1943)

Arreglos de Johan de Meij

***S Wonderful**

(1927) (Lúa azul)

George Gershwin (1898 -1937)

Ira Gershwin (1896-1983)

Arreglos de Warren Barker.

Soprano solista: **Carla Romalde**

***BLUE MOON**

(1937) (Lúa azul)

Richard Rodgers (1902-1979)

Lorenz Hart (1895-1943)

Arreglos de Warren Barker

* primera interpretación BMMC



Carla Romalde

(20 de febreiro
de 1993, Ferrol)

Comeza os seus estudos musicais aos 10 anos no Conservatorio Xan Viaño de Ferrol coa especialidade de frauta travesa. Cando ela ten 16 anos, introdúcese a especialidade de canto neste conservatorio. Aos 17 anos e cando decide probar sorte co canto lírico, convertíndose, deste xeito, no que sería a súa verdadeira vocación. Comeza entón o seu sendeiro do canto, asistindo a numerosos cursos de repertorio, técnica vocal, técnica corporal e interpretación, entre outros, así como actuando en todo recital que se celebra no conservatorio, coa banda de Ferrol, en galas benéficas, etc.

Anos despois entra no Conservatorio Superior da Coruña, combinando a carreira musical coa de grao en educación primaria (maxisterio), e continúa facendo recitais, colabora coa Banda Municipal de A Coruña, actúa no Auditorio Príncipe de Asturias de Oviedo, gaña varios concursos do conservatorio, entre eles o da Banda Municipal e o da Orquesta do conservatorio superior o curso pasado. Tamén comeza a emprender o seu negocio como cantante en bodas e demais eventos.

Actualmente está no último curso do conservatorio superior, é mestra de canto na Escola Vila de Cedeira e continúa cantando en tódolos eventos nos que se lle reclame.